

1 FIN DA POBREZA



4 EDUCACIÓN DE CALIDADE



8 TRABALLO DECENTE E CRECIMENTO ECONÓMICO



10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES



16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓN SÓLIDAS



### Xornada Nacional de Rapaces

Queredes dar voz ao voso alumnado na VII Xornada Nacional de Rapaces? Pois esta é a nosa acción estrela.

Levamos xa 5 edicións convocando os nosos institutos a un encontro global que pecha o curso. Unha boa ocasión para coñecer outros centros, crear unha rede de contactos, promover o intercambio de ideas e lograr a participación activa da rapazada. **Animádevos, a experiencia é única e paga a pena!**



Este programa contribúe a lograr o obxectivo nº4: **garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.**

- ✔ Intelixencias múltiples
- ✔ Igualdade de xénero
- ✔ Igualdade de oportunidades
- ✔ Dereitos do Neno
- ✔ Educación medioambiental

Máis información no teléfono de asesoramento permanente do programa

670 696 588



50

**Aldeas Infantiles SOS** está comprometida en facer realidade a Axenda 2030 e os Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible (ODS). Queremos compartir con vós este compromiso e que, a través das nosas actividades, profesores, estudantes e familias vos impliqueades tamén en facelos realidade. Porque sentirse parte e involucrarse en construír o futuro é importante na adolescencia e máis cando o fan por un obxectivo común polo que paga a pena loitar.

### Titorías con sentido para todos os ciclos educativos

Contaredes, coma sempre, con 50 titorías de diferente intensidade e duración, de carácter transversal, aplicables a moi distintas áreas curriculares. E, este ano, de novo, distintas rutas temáticas para que escollades o voso camiño para desenvolver o valor do curso. **Grazas por implicarvos no proxecto!**

ESTE CURSO NOVAMENTE EN FORMATO DIXITAL  
Descárgao totalmente de balde ao pé da web en Espazo educativo



[www.aldeasinfantiles.es/educa](http://www.aldeasinfantiles.es/educa)

## O valor do Compromiso cos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible

Falaremos do concepto desde a práctica cotiá para facelo sinxelo e comprensible. Describindo os 17 obxectivos pero agrupándoos en tres bloques temáticos.

### UNIDADE **1** **Persoas coma eu. Loita por cubrir as necesidades básicas.**

1

A nosa idea dun mundo mellor comeza por que todas as persoas, nazan onde nazan, teñan garantidas as mellores condicións de vida, comezando por erradicar a fame, a pobreza e garantir a saúde e a educación de calidade. Os nenos descubrirán cales son esas necesidades básicas, terán empatía con quen non ten o mínimo para sobrevivir e se comprometerán para facer que a vida comece para todos en igualdade de oportunidades.



### UNIDADE **2** **Construír xuntos. Comprometidos có avance colectivo.**

2

No mundo que queremos, ninguén se vai quedar atrás. Poñeremos o noso gran de area para que o futuro sexa de todos, construído en cidades amables para as persoas, onde haxa traballo e oportunidades para desenvolver o noso talento. Comprometémonos cunha sociedade que avance en innovación e tecnoloxía, pero atendendo á diversidade de ideas e culturas. En equilibrio e sen desigualdades.



### UNIDADE **3** **Un planeta para todos. Implicátese por un futuro verde e en paz.**

3

Finalmente traballaremos o compromiso co medio ambiente, os océanos e mares, os bosques e selvas, plantas e animais, cos que compartimos o planeta. Imos aprender por que é tan importante loitar por un mundo limpo, xusto e en paz.



## Como consigo o programa?

Só tes que entrar na web de Aldeas Infantiles SOS e descargarte o material online no apartado "material do curso". É de balde e non precisas rexistrarte. Alí atoparás o manual do profesor en formato PDF dinámico, para ler, imprimir e partillar.

Telo en:

[www.aldeasinfantiles.es/educa](http://www.aldeasinfantiles.es/educa)



## Boletín mensual

Aínda que o noso material pedagóxico está dispoñible desde o primeiro momento en aberto, seguimos traballando intensamente no valor do ano. Por iso convidámosvos a que vos inscribades no boletín electrónico mensual, que vos ofrece unha selección das actividades para facer ese mes, novos recursos, novas sobre o que facemos en Aldeas e moito máis.

## É totalmente de balde

Soamente tedes que inscribivos.

Enche e envía esta solicitude para recibir os nosos boletíns periodicamente, obter máis recursos e propostas.

Escola \_\_\_\_\_

Localidade \_\_\_\_\_

Provincia \_\_\_\_\_

Persoa de referencia \_\_\_\_\_

Cargo \_\_\_\_\_

e-mail xenérico do centro \_\_\_\_\_

e-mail persoal onde recibir a newsletter \_\_\_\_\_

Outro e-mails de profesores que queiran recibir mensaxes

Mail 2 \_\_\_\_\_

Mail 3 \_\_\_\_\_

Mail 4 \_\_\_\_\_

Mail 5 \_\_\_\_\_

 Solicitamos participar na VII Xornada Nacional de Rapaces

Esta solicitudes pódese enviar:

Por correo  
Apartado de Correos 18062  
CP 08080 Barcelona

Por teléfono do 3 ao 28 de setembro  
**902 043 255**

**Prazo de inscrición ata o 4 de outubro 2019**

Teléfono de asesoramento permanente  
**670 696 588**

En cumprimento do disposto na normativa sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoste de que os teus datos serán tratados por Aldeas Infantiles SOS para comunicar informacións relativas ao programa ou da organización Aldeas Infantiles SOS de España e dos patrocinadores do proxecto educativo. A base xurídica que lexítima o tratamento dos teus datos é o teu consentimento. Non se cederán datos a terceiros agás obrigación legal para xestionar a citada actividade. Os teus datos serán conservados durante os prazos legais necesarios para atender ás responsabilidades derivadas do tratamento. Poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento ou portabilidade no seu caso, indicándoo por escrito a Aldeas Infantiles SOS, rúa Angelita Cervero, 9, 28027 Madrid ou enviando un email ao noso Delegado de Protección de Datos a [protecciondatos@aldeasinfantiles.es](mailto:protecciondatos@aldeasinfantiles.es).

